Ramón Cabanillas (1876 - 1959)

Ramón Cabanillas Enríquez naceu Cambados, Pontevedra) no ano **1876.**
Emigrou a Cuba, onde residiu entre 1910 e 1915. Alí coñeceu a Basilio Álvarez que o gañou para a **causa agrarista**. Na Habana publicou *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915).

De volta á Galiza, coñeceu a loita agrarista. O compromiso co proxecto das **Irmandades da Fala** levouno a colaborar asiduamente en *A Nosa Terra*, converténdose na voz lírica do movemento.

Foi aclamado como **Poeta da Raza** e utilizou os seus poemas ao servicio da construción nacional, abandonando os ecos intimistas presentes na súa primeira poesía.
Así, en *Da terra asoballada* (1926) Cabanillas mantivo unha actitude educadora con poemas socoais e anticaciquís. Pretendeu conscienciar o pobo e achegalo ao nacionalismo. Estes mesmos obxectivos vense na peza dramática *A man de Santiña* (1921).
En colaboración con Antón Vilar Ponte comporía en 1926 a traxedia histórica *O mariscal.*

En 1921 viu a luz o poemario *Na noite estrelecida*, onde, seguindo as teorizacións de Risco, Cabanillas reelabora mitos do **ciclo artúrico** que funcionen como símbolos produtivos.

Recuperou o lirismo intimista en 1927 no poemario amoroso *A rosa de cen follas.*

En 1920 foi elixido membro da Real Academia Galega, onde leu un discurso titulado "A saudade nos poetas galegos". En 1929 faría o propio na Real Academia Española cun ensaio sobre Eduardo Pondal. Faleceu en Cambados en 1959.

Cabanillas conduciu a nosa poesía cara á **modernidade** unindo a tradición herdada da poesía decimonónica co espirito renovador do novo século e é cosiderado **o gran poeta do século XX.**

Podemos diferenciar na súa obra os seguintes **núcleos temáticos:**

1- **Poesía social e combativa**, de carácter agrarista e anticaciquil que mostran a súa solidariedade cos labregos na súa loita pola redención dos foros.

2- **Poesía intimista**: obras nas que incorpora os elementos métricos e estilísticos do modernismo de Rubén Darío e que expresan a nostalxia.

3- **Poesía mítico-saudosista**: recrea lendas celtas míticas que nos falan dun pasado glorioso (A materia de Bretaña, o rei Artur e os cabaleiros da táboa redonda) e aventuran un futuro esperanzador para Galicia. Vese unha reconstrución do pasado desde a nostalxia.

4- **Poesía costumista**: presenciamos escenas e ambientes tradicionais, que o emparentan coa lírica da paisaxe.

Obra.

Poesía lírica.

Desde o seu primeiro libro, No desterro, a súa poesía lírica maniféstase en tres direccións: a poesía social ou combativa, de carácter agrarista e anticaciquil, a poesía de tipo intimista e a poesía costumista.

As tres direccións citadas tamén están presentes en Vento mareiro e en Da terra asoballada.

En A rosa de cen follas, título tomado dun verso de Rosalía, non aparece a poesía combativa e a costumista. O amor e o lirismo intimista contitúen a temática desta colección de poemas.

En Da miña zanfona Cabanillas móstranos un conxunto de composicións de temática moi diversa, moitas delas escritas nun tono menor, coloquial, por veces prosaico.

Poesía narrativa.

O bendito San Amaro é un poema que narra a lenda deste santo galego.

Da noite estrelecida, composto en tres sagas, recolle temas da materia de Bretaña: as lendas da corte do rei Artur e a busca do Santo Grial, un material narrativo híbrido dos mitos épicos célticos e a tradición cristiá.

A recopilación da súa poesía narrativa foi publicada no volume Camiños no tempo.

O poema Samos preséntanos a historia e a vida comunitaria do mosteiro desa vila.

Teatro.

Compuxo dúas pezas teatrais, unha de asunto contemporáneo, en prosa, A man da Santiña, e outra histórica, en verso, O Mariscal.

A man da Santiña é unha comedia de asunto amoroso que se desenvolve nun ambiente de clase alta.

Cabanillas compuxo O Mariscal a rogo de Antón Vilar Ponte que quería unha peza de intención política, mitificando a Pardo de Cela como un bandeirante da oposición galega ó centralismo dos Rei Católicos.

Prosa

A obra máis representativa é Antífona da cantiga, antoloxía de cancións populares precedida dun extenso prólogo no que o autor fai unha loanza da poesía popular. A lingua é rica e moi coidada.

POESÍA
R. CABANILLAS

- **Poesía social e combativa**
  - **No desterro**
  - **Vento mareiro**
  - **Da terra asoballada**
- **Poesía intimista**
  - **No desterro**
  - **Vento mareiro**
  - **A rosa de cen follas**
- **Poesía mítico-saudosista**
  - Na noite estrelecida
  - **Samos**
- **Poesía costumista**
  - No desterro
  - **Vento mareiro**